



COAG LUGO

Colexio Oficial
de Arquitectos de Galicia - Lugo

A Delegación de Lugo do COAG organiza:

MESA REDONDA NO CENIMA o Mércores 09 de outubro 2013 as 19:00 horas
CENIMA: Centro de Interpretación da Mariña, FOZ, Lugo.

O Artigo 26º dos estatutos vixentes do COAG di:

"A organización territorial [...] representa os intereses colexiais tanto ante os Arquitectos que están inscritos nela, como ante as persoas, entidades, corporacións e organismos de toda clase dentro do ámbito de actuación da Delegación"

A vontade desta delegación territorial de Lugo é a de achegar ao cidadán, ao colexiado e ao técnico das administracións as súas actividades informativas alí onde estas teñan maior interese para aqueles pola súa maior incidencia local. Dentro desta vontade insíbese esta iniciativa:

o PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL DE GALICIA e a nova LEI de PROTECCIÓN e USO SOSTIBLE DO LITORAL e de Modificación da LEI DE COSTAS.

Relatorios:

19:00h. _____ PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL
Interacción co planeamento municipal non adaptado

Ricardo Nó Fuentes, arquitecto.

Xefe del Servicio de Ordenación Territorial de la Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestructuras.

19:20h. _____ LEI DE PROTECCIÓN E USO SOSTIBLE DO LITORAL E DE MODIFICACIÓN DA LEI DE COSTAS
Relación co marco normativo urbanístico en Galicia

María Encarnación Rivas Díaz, arquitecta.

Secretaria Xeral de la Secretaría Xeral de Ordenación do territorio e Urbanismo de la Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestructuras.

19:40- 21:00h. _____ MESA REDONDA

- Ricardo Nó Fuentes
- María Encarnación Rivas Díaz
- Técnicos municipais dos concellos costeiros lucenses.
- Moderador: Raúl J. Veiga Lamelas, Presidente da Delegación de Lugo do COAG

A recente aprobación da Lei de Protección e Uso Sostible do Litoral inclúe a Modificación dalgúns aspectos da vixente Lei de Costas, e pode ter consecuencias relevantes nos núcleos costeiros que, desde a aprobación da Lei de Costas no ano 1988, están total ou parcialmente situados na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre.

Desde que no mes de febreiro de 2011 aprobouse o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia, este instrumento de ordenación territorial, establece os criterios e normas xerais para a ordenación urbanística da zona do litoral e a normativa que garanta a conservación, protección e posta en valor das zonas costeiras. Este instrumento de carácter supramunicipal, interactúa co planeamento vixente e condiciona os novos plans e a modificación dos existentes.

A relación evidente entre as dúas normas e as implicacións directas sobre os núcleos costeiros no contexto normativo urbanístico galego, será o tema de debate da mesa redonda que se propón na Mariña dende a Delegación de Lugo do COAG

Os interesados en achegar os poñentes algunha cuestión previa para introducir no debate, ou calquera outra suxestión, poden enviar un correo á dirección: secretario.lugo@coag.es.

CENIMA

Centro de Interpretación da Mariña

Avda. de Ribeira s/n
27780 Foz - Lugo

